



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Estancias Prácticas VII	Código	653G01404	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	Anual	Cuarto	Obrigatoria	22
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Pousada Garcia, Thais	Correo electrónico	thais.pousada.garcia@udc.es	
Profesorado	Alonso Cadavid, Andrea Cabarcos Dopico, Vicente Canosa Domínguez, Nereida María Cortés Cabeza, Inés Darriba Fraga, María José Díaz Romero, Paula Fernández Barreiro, Jorge Juan Gándara Gafo, Berta Garabal Barbeira, Jessica García Gonzalo, Nuria García Pinto, María del Carmen Germán Abad, Tatiana Hervás Del Valle, María Carmen López Rodríguez, Lorena Luaces Gudin, Rufino David Mansilla Barreiro, Barbara Marante Moar, María Pilar Mendoza Barrán, Ana Parga Amado, Paula Pousada Garcia, Thais Rama Fandiño, José Antonio Romeu Cés, Tania Ruiz Virumbrales, Jorge Talavera Valverde, Miguel Angel Trillo Costa, Javier Vázquez Otero, Alba María Viqueira Rodriguez, Elena Maria Vizcaino Cela, Mírian	Correo electrónico	andrea.alonso@udc.es v.cabarcosd@udc.es nereida.canosa@udc.es ines.cortesc@udc.es maria.darriba@udc.es paula.diaz.romero@udc.es j.fbarreiro@udc.es berta.gandara.gafo@udc.es jessica.garabal@udc.es nuria.garcia.gonzalo@udc.es carmen.garcia.pinto@udc.es tatiana.german.abad@udc.es carmen.hervas@udc.es lorena.lopez.rodriguez@udc.es david.luaces.gudin@udc.es barbara.mansilla.barreiro@udc.es p.marante@udc.es ana.mendozab@udc.es paula.parga@udc.es thais.pousada.garcia@udc.es jose.rama.fandino@udc.es tania.romeu.ces@udc.es jorge.ruiz@udc.es miguel.angel.talavera.valverde@udc.es javier.tcosta@udc.es alba.vazquez.otero@udc.es e.viqueira@udc.es mirian.vizcaino@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia pretende o desenvolvemento de competencias que permitan ao alumnado comprender e aplicar os coñecementos de Terapia Ocupacional durante o desenvolvemento completo do proceso, realizándose as mesmas a través dunha práctica independente supervisada.</p> <p>Descriptor: Estancias prácticas para aplicar teorías, fundamentos, metodoloxías, técnicas, avaliacións e valoracións de Terapia Ocupacional, traballando adecuadamente en equipo e desenvolvendo as funcións e destrezas propias deste profesional en diferentes contornas, centros, hospitais, institucións e grupos sociais e poboacionais.</p>			



Plan de contingencia

1. Modificacións nos contidos

No caso de supresión das prácticas clínicas/comunitarias.

1. Para estudantes que realizaron a totalidade dos créditos prácticos: sen modificacións.

2. Para estudantes que superaron o 50% das horas de prácticas: avaliación das prácticas clínicas/comunitarias realizadas segundo o baremo; estudo de 3 casos; portafolios do/a alumno/a e recensión bibliográfica.

3. Para estudantes que NON superaron o 50% das horas de prácticas: o mesmo que consta no apartado anterior (2), máis a defensa oral dun caso ante tribunal constituído pola responsable da materia, coordinadora do título e a Decana do Centro.

2. Metodoloxías

*Metodoloxías docentes que se manteñen

- Estudo de casos; portafolios do/a alumno/a e recensión bibliográfica.

*Metodoloxías docentes que se modifican

- Prácticas clínicas/comunitarias.

3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado

Campus Virtual: Mensual - Actualización dos contidos e información da materia.

TEAMS: Continua - Realización de titorías e reunións informativas.

Email: Continua - Atención persoalizada ós estudantes e titorización para a realización dos traballos

4. Modificacións na avaliación

Tal como consta na guía orixinal e que se repite a continuación, para aqueles estudantes que realizaron máis do 50% das horas de prácticas contempladas na materia:

-Prácticas clínicas/comunitarias (60%): Prácticas clínicas e comunitarias

Valorarase: a puntualidade, a asistencia, a responsabilidade, a iniciativa, o interese, a actitude ante as normas, a relación cos/coas usuarios/as, a relación co equipo de profesionais, a integración e a aplicación de conceptos teóricos-prácticos adquiridos previamente, as destrezas e os coñecementos adquiridos, así como a evolución global.

As ausencias xustificadas ás prácticas clínicas/comunitarias deberán ser comunicadas previamente ó centro conveniado, así como á coordinadora da materia e á coordinadora do título mediante e-mail.

-Estudo de Casos (20%): Valorarase, ademais dos coñecementos adquiridos, a capacidade de expresión escrita do alumnado (avaliando de forma negativa os erros gramaticais e ortográficos), a integración de conceptos e a capacidade de resolución de problemas.

-Portafolios do/a alumno/a (15%): Valorarase, ademais dos coñecementos adquiridos, a capacidade de expresión escrita do/a alumno/a (avaliando de forma negativa os erros gramaticais e ortográficos), a integración de conceptos, o razoamento ocupacional e a capacidade crítica e reflexiva.

- Recensión bibliográfica (5%): Valorarase a comprensión e análise crítica dun texto relevante para a práctica profesional

*Observacións de avaliación:

Para o estudantado que non completou o 50% das horas de prácticas, aplicarase ademais os seguintes criterios de



avaliación:

- Prácticas externas aprobadas:

Defensa oral dun caso ante tribunal composto por 3 docentes terapeutas ocupacionais (responsable da materia, coordinadora do título e decana do Centro). Esta avaliación terá un carácter APTO/A ou NON APTO/A.

Se apto/a, respectarase a nota íntegra obtida nas prácticas externas e esa será a nota final do/a estudante.

Se NON APTO/A, farase a media aritmética entre ámbalas notas (prácticas externas e tribunal).

- Prácticas externas suspensas:

Defensa oral dun caso ante tribunal composto por 3 docentes terapeutas ocupacionais (responsable da materia, coordinadora do título e decana do Centro).

Cando a nota global obtida nas prácticas externas fose inferior a 5 (suspense/a), a avaliación do tribunal será exhaustiva e terá un valor entre 0 e 5.



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Desenvolver as habilidades prácticas necesarias para poder desempeñar actividades profesionais como terapeuta ocupacional: segundo o estadio de aprendizaxe e acordo ás competencias seleccionadas. En definitiva ampliar os coñecementos e a capacidade para aplicar: a teoría e a práctica de Terapia Ocupacional, as ocupacións terapeuticamente e as Actividades da Vida Diaria terapeuticamente en todas as áreas de desempeño ocupacional	A5 A9 A13 A15 A21 A22 A24	B6 B31 B37	C1 C4 C6
Observar, analizar e reflexionar sobre o centro de prácticas e as funcións do/a terapeuta ocupacional integrados/as no sistema sanitario, educativo, domiciliario, laboral e social de pertenza. Asemade el/la alumno/a debe desenvolver a capacidade para manter a dignidade, privacidade e confidencialidade da persoa.	A23 A29	B6	C1 C4
Observar, analizar e reflexionar sobre a relación terapéutica en terapia ocupacional. E, á súa vez, desenvolver a capacidade para unha comunicación efectiva co usuario, familias, grupos sociais e outros profesionais; capacidade para establecer unha relación de empatía co usuario, familia, grupos sociais e outros profesionais; e desenvolver a capacidade para permitir que os pacientes e os seus cuidadores expresen as súas preocupacións e intereses e que poidan responder adecuadamente.	A17 A18	B5 B7	C1
Observar, identificar, analizar e reflexionar sobre o perfil do usuario dos servizos de terapia ocupacional.	A6 A12 A13	B1	C1 C4
Observar, identificar, preparar, analizar e reflexionar sobre algunhas técnicas empregadas en terapia ocupacional	A3 A9	B4 B5 B29	C6
Desenvolver razoamentos e habilidades de orde superior no xuízo profesional e na toma de decisións. De esta forma, el/la alumno/a amplia a capacidade para informar, registrar, documentar y si cabe, derivar, el proceso de intervención.	A10 A14	B8	C4 C6
Desenvolver habilidades de exploración dos recursos de investigación en apoio á investigación e á practica baseada na evidencia.	A13 A28	B22 B24	C1 C4
Dar o control ó estudante de ser un profesional autónomo que valora a súa contribución ó equipo e ó servizo.	A16 A19 A31	B4	C1 C4 C7
Inculcar unhas habilidades para ?a aprendizaxe ao longo da vida? e dun desenvolvemento profesional continuo; e un recoñecemento da importancia destes.	A20	B6	C1 C4 C7
Desarrollar capacidad para: sintetizar un abanico de información que permita determinar si la persona es susceptible de recibir tratamiento de Terapia Ocupacional. Reconocer e interpretar signos de función-disfunción de la persona en valoración y diagnóstico ocupacional. Así mismo la capacidad para responder a las necesidades del paciente evaluando, planificando y desarrollando los programas individualizados más apropiados junto a la persona y su entorno, sus cuidadores y familias y otros profesionales. En definitiva, utilizar el razonamiento clínico revisando y reajustando el tratamiento.	A7 A8	B3	C7

Contidos	
Temas	Subtemas



<p>Tema 1. O proceso de Terapia Ocupacional nos diferentes eidos de actuación.</p> <p>Prácticas supervisadas, de larga duración.</p>	<p>Prácticas supervisadas, de longa duración, que estarán dirixidas por terapeutas ocupacionais docentes e titores/as dos centros conveniados. Nivel competencial avanzado.</p> <p>Aplicación de teorías, fundamentos, metodoloxías, técnicas, avaliacións e valoracións de Terapia Ocupacional, traballando co equipo e desenvolvendo as funcións propias deste, co foco nas ocupacións situadas e significativas da/s persoa/s, grupo/s e poboacións.</p>
--	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A3 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A12 A13 A14 A15 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A28 A29 A31 B3 B4 B6 B7 B8 B22 B24 B31 C1 C4 C6	30	30	60
Portafolios do alumno	A3 A5 A7 A8 A10 A13 A14 A20 A22 A24 A28 B1 B3 B8 B22 B24 C1	10	40	50
Recensión bibliográfica	A3 A5 A7 A13 A14 A22 A28 A29 B1 B3 B4 B8 B22 B24 C1 C6	1	10	11
Actividades iniciais	B5 B6 B7 B8 B29	6	0	6
Prácticas clínicas	A3 A6 A7 A8 A9 A10 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A28 A29 A31 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B22 B24 B29 B31 B37 C1 C4 C6 C7	420	0	420
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	<p>Metodoloxía onde a persoa se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo, a través dun proceso de discusión. O alumnado sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.</p>



Portafolios do alumno	<p>É un cartafol ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo/a profesor/a, o que lle permite visualizar o progreso do/a estudante. O portafolios ou cartafol inclúe todo o que fai o alumno ou alumna, como: apuntamentos ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resúmenes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do/a estudante realizado polo/a profesor/a, etc.</p> <p>Permite adquirir as competencias xenéricas e específicas reverenciadas desta materia.</p>
Recensión bibliográfica	<p>A recensión bibliográfica supón un proceso de lectura crítica dun libro, dun artigo, dunha tese ou dunha comunicación a un congreso. Como tal proceso comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración da mesma en relación á literatura existente sobre o tema. Unha recensión non supón un resumo da obra, nin unha mera análise do contido, pois o que lle outorga sentido e dimensión académica científica é a crítica que merece a xuízo do/a autor/a da recensión, en relación a outras obras coñecidas do mesmo ámbito ou en relación a súa propia experiencia.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.</p>
Actividades iniciais	<p>Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.</p> <p>Información sobre os centros de prácticas, organización dos rotatorios, distribución do alumnado en función do seu propio eido de prácticas de preferencia: infancia e adolescencia; adultos I (rehabilitación física e neurolóxica); adultos II (saúde mental); persoas maiores; comunidade.</p>
Prácticas clínicas	<p>O ensino clínico pode entenderse como un proceso instrucional que ten lugar nun ambiente natural relacionado co exercicio dunha profesión, no que os/as estudantes observan e participan en actividades clínicas deseñadas para proporcionarlles oportunidades que supoñen a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica da mesma.</p> <p>As prácticas clínicas/comunitarias de longa duración serán realizadas en todos aqueles centros conveniados coa Facultade de Ciencias da Saúde que teñan relación con calquera dos eidos de actuación da/o profesional de Terapia Ocupacional.</p> <p>A asistencia ás prácticas clínicas/comunitarias é obrigatoria. No caso de que o/a alumno/a non poida acudir puntualmente algún día, segundo o calendario de prácticas establecido, deberá comunicalo tanto ó centro conveniado como a persoa responsable da materia.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Portafolios do alumno Recensión bibliográfica Prácticas clínicas	A atención personalizada realizarase mediante titorías individuais e/ou grupais directas e virtuais, a demanda tanto do propio estudante, como da coordinadora da materia ou demais profesores/as tutores/as implicados/as.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A3 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A12 A13 A14 A15 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A28 A29 A31 B3 B4 B6 B7 B8 B22 B24 B31 C1 C4 C6	Valorarase, ademais dos coñecementos adquiridos, a capacidade de expresión escrita do alumnado (avaliando de forma negativa os erros gramaticais e ortográficos), a integración de conceptos e a capacidade de resolución de problemas. Nas estancias prácticas VII o estudante realizará 3 estudos de caso asignados pola persoa profesora/titora	20



Portafolios do alumno	A3 A5 A7 A8 A10 A13 A14 A20 A22 A24 A28 B1 B3 B8 B22 B24 C1	Valorarase, ademais dos coñecementos adquiridos, a capacidade de expresión escrita do/a alumno/a (avaliando de forma negativa os erros gramaticais e ortográficos), a integración de conceptos, o razonamento ocupacional e a capacidade crítica e reflexiva.	15
Recensión bibliográfica	A3 A5 A7 A13 A14 A22 A28 A29 B1 B3 B4 B8 B22 B24 C1 C6	A valoración do traballo terá en conta a presentación e estrutura, a redacción, expresión e corrección ortográfica, a bibliografía empregada, así como a calidade da reflexión e da resolución do traballo.	5
Prácticas clínicas	A3 A6 A7 A8 A9 A10 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A28 A29 A31 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B22 B24 B29 B31 B37 C1 C4 C6 C7	Prácticas clínicas e comunitarias Valorarase: a puntualidade, a asistencia, a responsabilidade, a iniciativa, o interese, a actitude ante as normas, a relación cos/coas usuarios/as, a relación co equipo de profesionais, a integración e a aplicación de conceptos teóricos-prácticos adquiridos previamente, as destrezas e os coñecementos adquiridos, así como a evolución global. As ausencias xustificadas ás prácticas clínicas/comunitarias deberán ser comunicadas previamente ó centro conveniado, así como á coordinadora da materia e á coordinadora do título mediante email.	60

Observacións avaliación

O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica acordo co establecido no art. 5 del Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspense 5-6.9=Aprobado 7-8.9=Notable 9-10=Sobresaliente 9-10 Matrícula de Honra (Graciable).

Para aprobar a materia, o/a alumno/a debe participar activamente nas metodoloxías propostas, entregar todos os traballos e acadar unha nota global mínima de 5 e ter superadas ó menos a metodoloxía de Prácticas Clínicas e Estudio de Casos. Para iso, será necesario ter unha cualificación mínima de 3,5 (sobre 6) puntos na metodoloxía prácticas clínica/comunitaria e unha cualificación mínima de 1 (sobre 2) sobre a metodoloxía estudo de casos, e só se terán en conta para a cualificación final as notas das outras metodoloxías, se o/a alumna/a acada dita puntuación na mencionada metodoloxía. En caso contrario, a nota da convocatoria corresponderá á nota obtida nas Prácticas clínicas. No caso de non superación da materia na primeira convocatoria, o/a estudante, deberá repetir a entrega de traballos e participar de novo nas metodoloxías pendentes propostas durante a segunda oportunidade (xullo).

Segundo a norma que regula o réxime de dedicación ao estudo do alumnado de grao na Universidade da Coruña (aprobada no Consello de Goberno do 4/05/2017), cando un(ha) estudante teña recoñecida a súa condición de matrícula a tempo parcial, ten dereito a gozar dun réxime de asistencia a clase de carácter flexible e a solicitar a dispensa académica especial establecida no artigo 4 (apartado 5) da devandita norma, en tanto non afecte negativamente ao proceso de avaliación da/o estudante. A ese efecto, as Comisións Académicas dos diferentes centros da UDC concretan o alcance da citada dispensa. Por tanto, a concesión á solicitude da devandita flexibilidade quedará á expensas da valoración e decisión da Comisión académica do Grao en Terapia Ocupacional, tendo en conta as metodoloxías e criterios de avaliación das materias.

Sobre a detección de plaxio: "A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria".

Fontes de información



Bibliografía básica

Cada profesor/a orientará sobre a bibliografía específica dese eido de prácticas.No entanto, súxírense as seguintes referencias: Álvarez, E., Gómez, S., Muñoz, I.,Navarrete, E., Riveros, M. E., Rueda, L., ? Valdebenito, A. (2007). Definición y desarrollo del concepto de Ocupación: ensayo sobre la experiencia deconstrucción teórica desde una identidad local. *Revista Chilena de Terapia Ocupacional* , (7), 1-9. <http://doi.org/10.5354/0717-5346.2007.81>Clark,F., & Lawlor, M. (2007). The making and mattering of occupational science.En E. B. Crepeau, E. S. Cohn, & B. A. Boyt Schell, Willard and Spackman?s Occupational Therapy (11ª ed., pp. 2-14).Philadelphia: Lippincott Williams&Wilki.Duncan,E. A. S. (Ed.). (2012). Foundations for practice in occupational therapy (5ª ed.). Edinburgh: Elsevier.Fisher,A. G. (2013). Occupation-centred, occupation-based, occupation-focused: same,same or different? *Scandinavian Journal of Occupational Therapy* , 20 (3),162-173. <http://doi.org/10.3109/11038128.2012.754492>Hocking,C., Jones, M., & Reed, K. (2015). Occupational Science InformingOccupational Therapy Interventions. En I. Söderback (Ed.), *InternationalHandbook of Occupational Therapy Interventions* (pp. 127-134). SpringerInternational Publishing. Recuperado a partir dehttp://link.springer.com/chapter/10.1007/978-3-319-08141-0_9lwama,M. K., & Algado, S. S. (2008). El modelo Kawa (Rio). *Revista electrónica de terapia ocupacional Galicia, TOG* , (8), 7-.Kielhofner,G. (2006). Fundamentos conceptuales de la terapia ocupacional . Ed.Médica Panamericana.Kielhofner,G. (2008). Model of Human Occupation: Theory and Application . LippincottWilliams & Wilkins.Kiepek,N., Phelan, S. K., & Magalhães, L. (2013). Introducing a Critical Analysisof the Figured World of Occupation. *Journal of Occupational Science* ,1-15. <http://doi.org/10.1080/14427591.2013.816998>Kronenberg, F., & Pollard, N. (2007). Superar elapartheid ocupacional: exploración preliminar de la naturalezapolítica de laterapia ocupacional. En F. Kronenberg, S. Simó Algado, & N. Pollard (Eds.), *Terapia ocupacional sin fronteras: aprendiendo del espíritu de supervivientes* (pp. 58-84). Madrid: Editorial Médica Panamericana.Kronenberg, F., Simó Algado, S., & Pollard, N.(2006). *Terapia ocupacional sin fronteras: aprendiendo del espíritu de supervivientes* . Madrid: Editorial Médica Panamericana.Larson, E., Wood, W., & Clark, F. (2005). *Ciencia Ocupacional: desarrollo de la ciencia y la práctica de la ocupación a través de una disciplina académica [Occupational Science: science and professional development through an academic discipline]*. En Willard & Spackman, *terapia ocupacional* (10ª ed, pp. 15-26). Buenos Aires?; Madrid:Médica Panamericana.Morrison,R., Olivares, D., & Vidal, D. (2011). La filosofía de la OcupaciónHumana y el paradigma social de la Ocupación. Algunas reflexiones y propuestas sobre epistemologías actuales en *Terapia Ocupacional y Ciencias de la Ocupación*. *Revista Chilena de Terapia Ocupacional* , 11 (2),102-119. <http://doi.org/10.5354/0717-6767.2011.17785>Paganizzi, L. (2014). *Terapia ocupacionalpsicosocial - escenarios clinicos y comunitarios* (Edición: Primera).Madrid: Docta Ediciones.Pollard,N., Fransen, H., Kantartzis, S., & Viana-Moldes, I. (2015). Participatorycitizenship: critical perspectives on client-centred occupational therapy. *ScandinavianJournal of Occupational Therapy* , ?Rodger,S. (Ed.). (2010). *Occupation-centred practice with children: a practicalguide for occupational therapists* . Oxford: Wiley-Blackwell.Romero Ayuso, D. M., & Moruno Miralles, P. (2003). *Terapia ocupacional: teoría y técnicas* . Barcelona: Masson.Simó-Algado, S. (2006). El modelo canadiense del desempeño ocupacional I. *Revista electrónica de terapia ocupacional Galicia,TOG* , (3), 5-.Simó-Algado,S., & Urbanowski, R. (2006). El modelo canadiense del proceso del desempeño ocupacional. *Revista electrónica de terapia ocupacional Galicia,TOG* , (3), 12-27.Townsend, E., & Wilcock, A. A. (2004).Occupational justice and client-centred practice: a dialogue in progress. *CanadianJournal of Occupational Therapy. Revue Canadienne D?ergothérapie* , 71 (2),75-87.Viana Moldes, I., García Pinto, M. del C., & ÁvilaÁlvarez, A. (2005). *Ocupación alienante versus ocupación significativa*.Recuperado a partir dehttp://www.terapia-ocupacional.com/articulos/Ocup_Alienan_vs_ocup_signi.shtmlWhiteford, G. E., & Hocking, C. (2012). *Occupational Science: Society,Inclusion, Participation* . Wiley-Blackwell.Wilcock,A. A. (2006). *Occupational Perspective of Health* . Thorofare (New Jersey): Slack, Inc.Wilcock,A. A. (2007). *Occupation and Health: Are They One and the Same?* *Journal ofOccupational Science* , 14 (1), 3-8.<http://doi.org/10.1080/14427591.2007.9686577>Wilcock,A. A., & Hocking, C. (2015). *An Occupational Perspective of Health* (Third Edition edition). Thorofare, NJ: Slack Incorporated.

Bibliografía complementaria



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Debido á situación actual de COVID-19, será preciso respectar o plan de seguridade ou continxencia de cada centro de prácticas. Con todo, o alumnado deberá cursar de forma presencial, como mínimo, o 50% das horas. Así mesmo, para aprobar a materia o estudiantado terá que superar todas as metodoloxías docentes propostas.1.-

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sostible e cumprir cos obxectivos

estratéxicos 1 y 2 do "III Plan de Acción do Programa Green Campus FCS

(2018-2020)" os traballos documentais que se realicen nesta materia:a.- Na súa maioría se solicitarán

en formato virtual e soporte informático.b.- De realizarse en papel: - Non se empregarán

plásticos. - Realizaranse impresións a

dobre cara. - Empregarase papel

reciclado. - Evitarase a impresión de

borradores.2.- A docente responsable

resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou outros

aspectos que serán notificados aos estudantes coa suficiente antelación.3.- A docente responsable da

materia aplicará a correspondente normativa da UDC ante a detección de calquera

tentativa de plaxio motivada por un/unha estudante da materia no

desenvolvemento dos seus traballos.4.- -Como en todas as

edicións anteriores, para a correcta planificación das Estadías Prácticas VII,

realizaranse, de forma previa ó comezo da materia (segundo o calendario

oficial), varias reunións de coordinación académica:- Actividades

iniciais: -Establecemento de grupos de prácticas e elaboración de

rotatorios: Reunión da coordinadora da materia cos/as alumnos/as

matriculados/as para a presentación dos recursos de prácticas e organización

dos grupos de estudantes. -Celebrada

o 17 de xuño de 2019, ás 11.30 horas. Data e hora acordados por consenso entre

a docente e o estudiantado).- -Coordinación da docencia: -Encontro entre a coordinadora da

materia e os/as profesores/as e titores/as terapeutas ocupacionais dos recursos

de prácticas, previo ó inicio e despois da finalización das mesmas (Celebrada o

11 de xullo de 2019).- Reunión de coordinación académica e administrativa coa Coordinadora da Titulación e secretaria do decanato (29 de xullo de

2019).5.- Normas mínimas:Os/as alumnos/as deberán cumprir unhas normas xerais básicas de

uniformidade, identificación persoal, puntualidade e respecto ós/ás

usuarios/as, profesionais e instalacións do recurso de prácticas. Ademais, deberanse respectar as pautas mínimas específicas que cada

centro estableza para o correcto desenvolvemento das estadias prácticas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías